

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de agosto de 2022
Duración	Desde as 20:32 ata as 22:38 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Acta sesión número 2022/5 extraordinaria de 9 de maio

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/5, extraordinaria de 9 de maio enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Pereira González: Na páxina dúas, na miña intervención que di: “a recadación relativa ao IVE” e é “o IBI”.

Sra. Alcaldesa: Na páxina cinco na miña intervención onde pon “Todo o mundo sabe que se ten 1000 para gastar e de ingresos ten 900 incrementa os gastos” creo que era “ten 900 non se poden incrementar os gastos” e despois pon “coherdanza” con era “coherencia”

Sra. Castiñeira Alén: Na última folla na miña intervención pon “fixeron esta revisión pero vóelle” é “voulle”.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/5, extraordinaria de 9 de maio; sendo aprobada por ONCE votos a FAVOR dos Sres/as Tourón Domínguez, González Coto, Ledo Souto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Domínguez e Valcárcel Bernárdez e DUAS abstencións do/da Sr./Sra. González Souto e Pérez Cabaleiro por non asistir á sesión.



Expediente 823/2022. Aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Un dos expedientes máis complexos do ano tanto pola súa tramitación que é diferente ao resto de expedientes e procedementos, como polos prazos que se manexan e tamén polo volume de información, de documentación que podemos obter no mesmo e que se manexa no expediente. Como sempre digo a Conta Xeral é un documento técnico, un documento sobre o que non se pode traballar, non podemos facer aportacións, son datos obxectivos que non permiten a súa modificación. Si o Orzamento é a previsión de gastos e ingresos para un exercicio, a Conta Xeral ven a ser o resultado de como se executou ese orzamento. O expediente está formado por informes de intervención de cumprimento das regras fiscais, estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, de endebedamento, actas de arqueo, certificacións bancarias a 31 de decembro das contas do Concello, informes de reparo de intervención do exercicio 2021, a propia Conta Xeral que é un extracto do programa de contabilidade con todos os apuntes, con todos os movementos por partidas solo ese documento son máis de 400 folios. Por facerse unha idea do volume de facturación deste Concello está entorno as 4000 facturas, hai que reflexar todos eses movementos e máis pagos que se fan que non son facturas, e está tamén o informe sobre esta Conta. En canto á tramitación, que como digo é un pouco diferente a outros expedientes, foi posta a disposición dos Concelleiros e Concelleiras para o seu análise o 10 de maio, levouse a Comisión Informativa o 10 de xuño, publicouse no Boletín Oficial da Provincia o 30 de xuño para un período de exposición de 15 días e non recibíndose alegacións, estamos dende o 27 de xullo en condicións de someter esta Conta Xeral a aprobación plenaria, unha vez máis dentro do prazo que marca a Lei que é o 1 de outubro. Quero aproveitar tamén para agradecer o traballos dos departamentos de tesourería e especialmente o de intervención, que son departamentos que teñen unha alta carga de traballo, moito volume de traballo, pouco persoal pero que sempre dan o mellor de si para que os expedientes poidan realizarse e tramitarse en tempo e forma como este. Recordar tamén que a aprobación da Conta Xeral é un trámite obrigatorio, tamén a súa rendición na plataforma correspondente e que é excluínste a hora de optar a moitas subvencións polo tanto é necesaria esta aprobación.

Analizando os datos que se poden obter deste expediente, que como xa mencionei é moi extenso e non sería posible detallalo resumidamente en dez minutos pero si que hai uns datos básicos que todos os anos facemos mención. Para empezar polo que respecta as regras fiscais que como sobra lembrar, están suspendidas tanto para o ano 2020-21 se prorrogou para o 2022, e como xa teño dito outras ocasións unha decisión da que nos alegamos enormemente polo inxusto destas medidas así que agardo que tamén se prorrogue para o ano 2023, estes parámetros son simplemente a nivel informativo e son en primeiro lugar a estabilidade orzamentaria que é que os recursos do Concello sexan suficientes para facer fronte aos gastos, a vista dos datos



que se nos proporciona no exercicio 2021 non se cumpre a estabilidade orzamentaria con unha diferenza de 620.000€ e que unha vez practicados os axustes se eleva esa diferenza a 2.079.548€. En canto á regra de gasto, que é o límite, esixe aos concellos que os gastos dun exercicio que non supere a taxa de referencia do PIB respecto do exercicio anterior neste caso ao estar suspendidas as regras fiscais non se fixa a taxa de referencia para determinar si houbo ou no o incumprimento, pero si que hai un incremento de gasto do 24% que pasa de 5.800.000€ a 7.719.530,23€. O aforro neto no exercicio 2021 é negativo en 516.148€ e en canto ao endebedamento, a 31 de decembro a débeda financeira era 665.523,52€, dous préstamos que tiñamos en vigor e durante todo o exercicio 2021 se amortizaron 159.000€ polo tanto o nivel de endebedamento a 31 de decembro é do 11%, catro puntos menos que no exercicio anterior e por suposto moi por debaixo do 75% que marca a lei. Ademais hei de dicir que a día de hoxe dos créditos que estabamos pagando un deles xa está amortizado, xa se finalizou e polo tanto xa so nos queda en vigor un préstamo.

En canto a datos da conta propiamente, temos no apartado de gastos os créditos iniciais de 6.001.431,80€, producíronse modificacións por importe de 3.013.852,14€ polo que os créditos definitivos alcanzaron a cifra de 9.015.283,94€, as obrigas recoñecidas foron de 7.443.486,89€ e polo tanto o nivel de execución acadou o 82,5%. No apartado de ingresos exactamente igual, partíamos duns créditos iniciais de 6.000.000€, producíronse modificacións por importe de 3.000.000 e se recoñeceron 6.643.988€ o que supuxo un grado de execución do Orzamento no apartado de ingresos do 73,98%. En canto ao resultado orzamentario, que é a diferenza entre as obrigas netas recoñecidas e dereitos netos recoñecidos a cifra que obtemos é negativa en 774.360,50€. Por último, outro dos parámetros que se ten en conta no análise da Conta Xeral e que é importante tamén é o remanente de tesourería, a 31 de decembro era de 742.472€, que unha vez practicados os axustes se converten en 232.876€ de remanente de tesourería para gastos xerais. Como sabedes, coa suspensión das regras xerais, este remanente de libre disposición, no noso caso xa está aberto e en tramitación un expediente para aplicar eses dous centos mil euros en forma de suplemento ao noso orzamento e incrementar, porque é o xusto e o lóxico, que o remanente non quede no banco senón que pase a formar parte do noso orzamento. Estes son a grandes rasgos os datos máis significativos que obtemos da Conta Xeral, sería imposible analizar todos os movementos nesta sesión plenaria, supoño que agora o Partido Popular extraerá tamén as súas conclusións.

Sr. Núñez Troncoso: En primeiro lugar quería felicitar, como ven sendo habitual ano tras ano, aos departamentos de tesourería e de intervención polo traballo feito na elaboración desta Conta Xeral, que como ben dicía a Concelleira de área, un documento bastante extenso. Quería felicitar tamén polo que é o traballo feito na parte económica sobre o exercicio económico do 2021 a pesares, como acaba de recoñecer a Concelleira, de falta de persoal como así o reflexa o propio informe de intervención, insuficiencia de persoal, o está dicindo ano tras ano, que teñen estes dous departamentos, en definitiva nos está dicindo que é necesario máis técnicos e menos dedicacións exclusivas e parciais que ostenta o goberno.



Partimos dun orzamento inicial de 6.000.000€ e cabe recordar que ese orzamento inicial se deixaron facturas sen pagar, non había consignación orzamentaria, entre outros motivos, por 1.730.000€ ou sexa, un 29%, o segundo recoñecemento de crédito máis alto da historia deste Concello. Si analizamos o informe da interventora municipal, no propio informe é demoledor, non hai nada que coller positivo da xestión do orzamento do 2021, entre outros recolle, como ven sendo reiterado tamén ano tras ano, o incumprimento da Lei de Contratos, iso que tanto criticaba a Alcaldesa cando estaba na oposición. Seguimos fraccionando contratos para esquivar o filtro de intervención, se sigue incumprindo os criterios de prelación de pagos, o período medio de pago que está estipulado, regrado en 30 días no noso Concello son 84 días, algunhas facturas, bastantes, máis dun ano como así pasou no último recoñecemento extraxudicial. O aforro neto, que dicía a Concelleira de área, negativo de 500.000€, é dicir, nos está dicindo no informe que o Concello non dispón de recursos correntes, recursos propios, para financiar inversións e obras, e de feito no propio Orzamento de 2022 o goberno non contemplou ningunha partida para inversión, ningunha cantidade, as obras que se están facendo veñen a través, ou ben de subvencións da Deputación Provincial ou ben de subvencións da Xunta de Galicia. A xestión do Orzamento boa non é, é máis que evidente, seguimos co saldo de dubidoso cobro que neste 2021 está en 438.000€, saldo de dubidoso cobro que ven sendo reiterado ano tras ano e así, que eu recorde, oito anos con esta cantidade máis ou menos, que quere dicir iso, que uns veciños pagan impostos e outros parece ser que non, uns veciños se lle reclama vía executiva os impostos locais e outros parece ser que no, porqué non se depura esta Conta? Esa sería unha xestión do Orzamento, depurar esta Conta non é xusto, non é correcto que haxa 438.000€ que estean sen recadar por que haxa veciños polos motivos que sexan que non están facendo fronte aos recibos, aos impostos municipais. En canto á recadación neta, este 2021 como vostedes lembran este 2021 é un orzamento un pouco especial, sobre todo no que se refire á recadación do IBI, se recadaron no 2021 un 24,2% a maiores do que se recadou no 2020 ese 24,2% son 1.294.000€ que se recadaron a maiores no 2021 con respecto ao 2020 e a pregunta é, onde está esa diferenza? Para onde foron eses cartos? Porque en mellorar os servizos no. Vostedes acaban de ir polas parroquias e seguro que os veciños lles dirían que as parroquias están abandonadas e o están, entón ese 1.294.000€ que recadaron a maiores no 2021 con respecto ao 2020 onde está? Repito, na mellora dos servizos non están, iso si, os veciños temos máis carga impositiva durante o ano 2021.

Outra partida reiterativa anos tras ano, os vídeos propagandísticos, tamén cando a Sra. Alcaldesa estaba na oposición non lle gustaba este gasto pero se sigue mantendo 18.000€ ao ano, que conxuntamente cos gastos de publicidade, propaganda e gastos protocolarios se elevan a 93.000€, nós nunca dixemos que non teña que existir esa partida, claro que ten que existir esa partida, pero unha cousa é unha partida razoable e sensata e outra cousa son 93.000€ . Lle lembro Sra. Alcaldesa que vostede dicía non fai moitos anos que había que reducila nun 75%, iso está grabado en bastantes actas. Que dicir da recadación do IBI, 400.000€ a maiores só da recadación



do IBI do 2020 con respecto do 2021, pasamos de 800.000€ máis ou menos a 1.200.000€, iso que vostedes contemplaban 1.800.000€ eses 400.000€ llo están quitando agora aos veciños pouco a pouco, 2018, 2019 e 2020, en vez de quitarllo todo xunto ao final llo están quitando igual pero en varias anualidades, e para onde foron eses 400.000€? Para mellorar os servizos lle volto a repetir non, para investir nas parroquias tampouco, entón onde están? Sería interesante que nos dixeran onde están eses 400.000€. A realidade do que di esta Conta, este documento que a 31 de decembro de 2021 debe este Concello 3.245.000€, estaban sen pagar a 31 de decembro de 2021 e iso que falta aínda os 232.000€ das devolucións dos servizos de 2008 e 2009; incumprimento obxectivo da estabilidade orzamentaria leo textual o que di o informe da Sra. Interventora municipal “o Concello de Salceda de Caselas **INCUMPRE** coa estabilidade orzamentaria en 2.066.484,29€”, nos está dicindo a Sra. Interventora que para que orzamento sexa equilibrado necesitamos 2.066.000€, é certo que de momento está regra está suspendida pero xa veremos cando deixe de estar suspendida como vai a ser, como se vai resolver isto. Recordarlle á Sra. Concelleira que cando fixo referencia ao remanente de tesourería positivo de 234.000€ tamén o propio informe de intervención di que isto habería que aplicarlle as facturas que se deixaron sen pagar do 2021, 1.730.000€ polo que o remanente sería negativo e con creces.

Sra. Alcaldesa: Vou empezar polo final do que di, vostede pregunta onde están os cartos do IBI, só digo unha cousa o Partido Popular leva todo un ano xustificando calquera cousa co tema do IBI, calquera, da igual que sexa a Conta, que sexa o Orzamento, que sexa un rogo ou que sexa unha pregunta sobre un bache, calquera cousa a xustifica co tema do IBI. Eu entendo que se leron a Conta e que se miraron os informes, tal como acaba de indicar vostedes mesmos poden apreciar cales son os ingresos e cales son os gastos. Como dicía a compañeira de Facenda, hai un expediente ben completo con moitos informes, con moitas aclaracións, con cadros, etc... entendo que si o estudiaaron como deberían xa saben cales foron os ingresos, como se nos acaba de recordar, e cales foron os gastos. Non me podo crer, estame dicindo que estamos esquilmando aos veciños pouco a pouco, creo recordar, cando se apropiaba o Partido Popular da medida de solicitar que se fraccionara o pago para que os veciños non tiveran que pagar todo xunto e agora resulta que esa xestión tampouco lle pareceu ben, creo que hai que se coherentes co que se está dicindo.

En canto ao tema de publicidade é reiterativo, sempre igual, creo recordar no pleno que se aprobaron os Orzamentos que o propio Partido Popular recoñeceu que se baixaban nos orzamentos a partida de publicidade. En canto a inversión, non se pode dicir que non estamos a facer inversión, é mala xestión que o Concello xestione subvencións para prestar máis servizos e para facer inversión no pobo de Salceda? É mala xestión, volto a repetirlle, como fixen no último pleno cando me pediron comparecer polo centro de día, é mala xestión solicitar e xestionar todo o posible para poñer a disposición dos veciños e das veciñas os servizos que necesitan? Porqué habendo certas subvencións e certas axudas, que por certo non veñen destinadas solo ao Concello de Salceda, senón que saen unhas bases, se prepara, se traballa, se



fan os proxectos, se presentan e afortunadamente, algo ben debemos estar facendo cando se nos concede moitas das cousas e ogallá veñan máis, sexan da man da Xunta, sexan da man de Deputación de Pontevedra, sexan da man do Goberno do Estado, o que non se pode dicir e que non se está facendo inversión porque se está facendo inversión e moita, inversións importantes, si xestionamos, si nos subvencionan eu creo que iso non é mala xestión.

En canto aos números non vou entrar, si dicir en canto aos informes, vostede leu o parágrafo onde di que non se cumpre, eu tamén lle vou ler outro parágrafo: *“con todo, co obxectivo de dotar as Entidades Locais de fontes de recursos suficientes para facer fronte a pandemia e seguindo as recomendacións da Comisión Europea que aplicou a cláusula xeral de salvagardar do pacto de estabilidade de crecemento de 2020 e que se prorroga en 2021 o Consello de Ministros en data 16 de outubro de 2020 aprobou a suspensión das tres regras fiscais”*. Eu entendo que si a Comisión Europea fai esa recomendación, si o Consello de Ministros aproba esa medida e se o Pleno do Congreso onde están representados todos os partidos políticos estatais aproba iso, me podedes dicir si iso foi unha medida feita ad hoc para o Concello de Salceda ou e que a sabendas a Comisión Europea, o Goberno de España? Todos sabemos que tivemos que facer fronte, igual que nas nosas casas, a moitos gastos extraordinarios e que as administracións superiores eran conscientes de que os Concellos non podíamos asumir tales gastos senón se limitaban esas regras. Eu creo que cando se contan unhas cousas hai que contalas todas. Non digo máis, o mesmo que a compañeira Lucía, felicitar e agradecer o traballo que están realizando tanto os departamentos de tesourería como o de intervención para traer esta Conta Xeral en prazo, sabedes que o prazo remataba o 1 de outubro, traémola en prazo, agradecer ese traballo e agradecer toda a implicación e todo o traballo que a Concelleira de Facenda tamén como responsable deses dous departamentos fai a diario para que teñamos tamén esta aprobación en prazo.

Sra. Pereira González: Entendo e deduzo da súa exposición que unha vez máis van a votar en contra da Conta Xeral e si que me gustaría lembrarlle que a aprobación da Conta Xeral é un trámite obrigatorio. O que se está votando non é a xestión económica deste Concello, estase votando a aprobación dun documento técnico que é un requisito obrigatorio para optar a subvencións que a Xunta de Galicia convoca, outras administracións non pero a Xunta si que o esixe. Pasa exactamente igual co pago do recoñecemento extraxudicial de crédito, vostedes creen que votando en contra están prexudicando ao goberno e se equivocan, non están votando si avalan a nosa xestión ou no, están votando a aprobación dun trámite obrigatorio igual que cando é o recoñecemento extraxudicial de crédito se está votando si se lle paga aos provedores si ou non. Co seu voto en contra o que están facendo, neste caso a Conta Xeral sairá a diante, pero si fora polo seu voto se quedaría sen aprobar e perderíamos a opción de solicitar subvencións da Xunta de Galicia. Agora que o Partido Popular xa está coa campaña encendida, xa está lanzando propostas, supoño que si o Partido Popular está no goberno no ano 2023 aprobarán a Conta Xeral ou non a van a aprobar, igual que van a deixar o REC sen aprobar, o que pasa é que



dende esa bancada, dende a oposición, é moi fácil votar o que máis bonito quede o que mai populismo faga, igual que sentarse e nos dez minutos de exposición facer acusacións e frases tan graves como as que fixo o compañeiro Joaquín, qué pretende insinuar con onde están os 400.000€? Están no orzamento ou non os ve no orzamento, o orzamento do exercicio do 2021 non é superior ao do ano 2020 porque están aí, si están no apartado de ingresos, están no apartado de gastos tamén. Xa me parecía raro que tardara en saír o IBI e máis gravidade, estamos quitándolle os cartos aos veciños, a caso non é unha obriga cobrar impostos, os impostos non son obrigatorios? O IBI neste caso que estamos falando, non é un imposto obrigatorio? E precisamente votouse neste pleno o fraccionamento dos atrasos e vostedes saben perfectamente o que pasou, si se preveu un 1.200.000€ de recadación de IBI contando co incremento e cunha anualidade de atrasos que se ía emitir no 2021 que era a do ano 2018 como así foi, emitíuse no 2021 a primeira anualidade do 2018, emitíuse en decembro e o pago entrou en xaneiro deste ano e polo tanto esa recadación en vez de entrar no 2021 vai entrar no 2022 e o saben perfectamente que foi así.

En canto á depuración de saldos de dubidoso cobro, a min tamén me gustaría poder facelo e se está facendo na medida do posible, de feito este ano o departamento de tesourería que está collendo bastante estabilidade está facendo bastante xestión nese eido, pero o importante é levar o día os expedientes, o importante é quitar urxencias que xorden semana tras semana hai cousas que se van quedando e se van facendo na medida do posible.

Sr. Núñez Troncoso: Sra. Alcaldesa seguimos preguntando o mesmo, onde están eses cartos que se recadaron a maiores? E non estou insinuando nada como dicía a señora Lucía, simplemente queremos saber onde se gastaron eses cartos, creo que non é tan complicado, nada descabellado, se recadaron polo tanto se tiveron que gastar e lle volvo a repetir, en mellorar os servizos non, en investir nas parroquias menos aínda, polo tanto a pregunta sigue aí, contestar de momento non a contestaron. Dicía a Sra. Alcaldesa, o fraccionamento do IBI, quero recordarlle señora Alcaldesa, señora Concelleira de área, vostedes previron no Orzamento de 2021 uns ingresos do IBI de 1.800.000€ e aí estaba computado 1.800.000€ non 1.200.000€ e senón colla vostede o orzamento e xa o verá, e aí tiñan contemplado os atrasos de todos os anos, porqué nós pedimos que se fraccionaran eses atrasos? Porque vostedes non presentaron ningún tipo de alegación ao inicio do procedemento simplificado a sabendas de que tiñan esa información. Cando este grupo pediu un pleno extraordinario para que o Concello, que era competente e lexitimado máis os afectados para ir a vía xudicial vostedes se negaron a ir, pleno 3 de agosto de 2021, déanlle vostedes as voltas que lle queiran dar. Vostedes contemplaban cobrar todo xunto e foi este Grupo despois de non presentar alegacións ao inicio do procedemento, quen plantexou o fraccionamento. Este Grupo non dixo que non se fixeran inversións, con fondos propios non, as inversións, as obras que se están facendo son a través de Plans de Deputación ou a través da Xunta de Galicia, a pesares do que vostede di de que a Xunta non inverte en Salceda. O certo é que a 31



de decembro do 2021 tiña sen pagar 3.245.000€ ese é un dato impepinable que está aí na Conta. Decía a señora Lucía que aquí estamos votando un documento técnico, pero si vostede o dixo na primeira intervención “este documento técnico é o resultado de como se executou o Orzamento” polo tanto di claramente a execución, xestión do orzamento e non me dirán vostedes que foi unha boa execución do orzamento cando deixaron facturas sen pagar por 1.730.000€ sen consignación orzamentaria. É un documento que como sempre dixemos e cabo de dicir, que recolle a xestión do goberno do orzamento. En relación ao que dixo de onde están os cartos que nós estamos insinuando, lle volvo a repetir, non sei o que quere dicir co que estamos insinuando, si ao mellor está insinuando que levaron vostedes os cartos para a casa nós non estamos dicindo iso, se iso é o que vostede pretendía insinuar, simplemente si recadaron de IBI 400.000€ e non sabemos onde se gastaron nada máis o que iso.

Sra. Alcaldesa: Non sei si se me entendeu, entendo que o Partido Popular e ademais o señor Joaquín que sempre defende os asuntos económicos, entende o que mira o que lee e o que prepara para os plenos, quero entendelo porque senón sería grave. Onde están os cartos? Vostede ten acceso ao Orzamento do 2021, ao 2022, á liquidación do orzamento de 2021, áa Conta Xeral do 2021. Vostede nos acaba de dicir un montón de cifras de ingresos co cal entendo que os coñece, co cal entendo que tamén leu todas as partidas de gastos onde se aplicaron os ingresos, eu non lle vou a dicir si os 400.000€ foron parar a parroquia de Soutelo, a de San Xurxo etc... o que si está claro é que os aumentos foron destinados a servizos aos veciños e veciñas e vostede ten acceso. Non intenten enganar a ninguén porque ten acceso a toda a relación de gastos, nun montón de documentos, incluído o que traemos a aprobar hoxe aquí. Se quere defender co ingreso do IBI calquera punto que traíamos ao pleno, fágao, pero creo que non é serio. Ogallá a Xunta siga investindo en Salceda, igual que tamén o fai a Deputación, o fai o Goberno do Estado, o facemos a través de fondos europeos e si xestionamos, ao mellor vostedes nos seus tempos non se xestionaban todas estas subvencións, agora faise, a veces, di Lucía, a sabendas de que podemos atrasar outros asuntos por antepoñer as xestións necesarias para os servizos. O que non poden dicir é que as inversións son todas de fora, primeiro non é certo e vostedes sábeno, que hai inversións que se están facendo con fondos propios, que se fixeron con fondos propios e que se incluíron no orzamento porque xa estaban feitas, e si, é verdade, estamos xestionando moitas subvencións de outras administracións, de todas, non só da Xunta de Galicia, e lle repito, lle repito pleno tras pleno, e que non vamos a estar sentados a mirar si as cousas veñan solas, xestionamos e de vez en cando tamén se nos debe dicir que iso é o que facemos, porque as subvencións e o diñeiro que ven da Xunta e demais non ven só, xestiónase, e xestionase con proxectos, con moito traballo, con moitas horas de dedicación, de persoal, de Concelleiros e Concelleiras e desta propia Alcaldesa e ademais o sei que o sabe. Está defendida de sobra a Conta Xeral pola Concelleira responsable.

Sra. Pereira González: Reiterativo non son os vídeos o que é reiterativo é o seu argumentario, compañeiro do Partido Popular, pleno tras pleno, ano tras ano e



asunto tras asunto, da igual o que se estea tratando, o recoñecemento extraxudicial de crédito o orzamento o suplemento a conta xeral, calquera asunto económico o argumentario é sempre o mesmo e cree vostede que 18.000€ pola xestión de redes sociais é o problema que ten este Concello no eido económico. Non se equivoquen, ao mellor non saben o que están votando non é a xestión do orzamento o que se está votando, repítolle, non é a xestión, o que se lle está preguntando, o que vamos a votar hoxe aquí non é si estamos conformes coa xestión que o goberno municipal fixo do orzamento, é si estamos conformes co documento que se presenta, si o documento está correcto ou no, e o documento está correcto ou queren inventarse vostede os movementos, os gastos e os ingresos? Despois cando segue insistindo sobre os 400.000€ onde están, tampouco me queda claro a que 400.000€ que refire, aos 400.000€ que se deixaron de ingresar? Que estaban previstos e se deixaron de ingresar se refire a eses 400.000€? Había unha previsión de recadación de IBI que foi inferior en 400.000€ e xa lles dixó que os atrasos non foron cobrados no ano 2021 a pesar dos recibos emitidos no 2021 e tamén saben que hai un número moi elevado de impagos. Onde se meteron, pois en obras e servizos para a veciñanza é máis non foron suficientes como ben se fartan de repetir que nos pasamos do orzamento 1.600.000€ de recoñecemento extraxudicial de crédito pois é que non foron suficientes ese incremento de recadación, está no orzamento, teno aí nos 400 folios da Conta Xeral onde foron metidos. Insisto en que a aprobación da Conta Xeral é un trámite obrigatorio e o que se está votando é o documento si o documento é correcto ou no.

Sr. Núñez Troncoso: Seguimos sen ter resposta de onde están os 400.000€, a Alcaldesa nos di en mellorar os servizos, vostede nos di en obras, póñanse de acordo, haberá que preguntarlles, sobre todo aos veciños das parroquias, que servizos se melloraron e que obras se fixeron cos 400.000€ que como acabas de dicir o que se está facendo é a través de subvención, ou ben da Deputación ou ben da Xunta. Nós aquí non estamos enganando a ninguén. Señora Alcaldesa, vostede mesma acaba de contradicir o que vostede aprobou do Orzamento de 2022., Orzamento de 2022 fondos propios cero de inversión, agora vostede xa nos di que a inversión do 2022 con fondos propios, volvemos ás ocorrencias, se fan obras segundo a ocorrencia de turno, pero reflexado no documento do Orzamento de 2022 non está, ou sexa, vostede aproba o Orzamento do 2022 con inversión cero e agora nos di que no 2022 se está investindo con fondos propios.

A Concelleira de área di que sempre temos os mesmos argumentarios, vostede vexa o que aprobaron no Orzamento de 2021, vexa o que está nesta liquidación é ai argumentos máis que de sobra, e non é só polos vídeos propagandísticos, máis de 40.000€ en gastos xurídicos, gastos para pagarlle a avogados para resolver conflitos na maioría dos casos cos traballadores deste Concello, lamentable pero iso ven sendo reiterado en varios anos. Que dicir da limpeza dos centros públicos, sabe perfectamente que o que vostedes orzamentan é unha partida insuficiente e acaban o outro día de aprobar un expediente nese sentido, aportar máis cantidade nesas partidas porque o que vostedes dicían fai quince días atrás pois a realidade era a que



era e tiveron vostedes que ampliar esas partidas que eran deficitarias. Fai un mes máis ou menos que o aprobaron nun pleno. Nós volvemos a dicir que non votamos un documento, é un documento que di a xestión do goberno, do orzamento, e o que di o documento e tamén o di o informe de intervención, que a xestión é nefasta, agora que vostedes digan que vamos a votar un documento, é un documento que recolle o que recolle.

Sra. Alcaldesa: Tanto a Concelleira como eu xa repetimos as mesmas contestacións e vostede insiste no mesmo, remítilo aos documentos que conteñen toda a información e creo que xa non corresponde máis debate. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto que as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2021 foron informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de datado data 10.06.2022, e expostas ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 124 de data 30.06.2022, durante quince días, os interesados puideron presentar alegacións.

Visto que no expediente electrónico núm. 823/2022 non consta que se presentaran alegacións dentro do período de exposición pública.

De acordo co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2021.

Segundo.-Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **SEIS VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2021.



Segundo.-Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Expediente 1898/2022. Fixación de festivos locais para o ano 2023.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Rodríguez Canosa: Un ano máis temos que escoller os festivos locais para o vindeiro ano, e un ano máis van a ser os días escollidos por tradición e como se levan facendo nos últimos anos e non hai motivos para mudalo, serían, no 2023 cadraría o 17 de xullo que ven sendo o luns do Cristo e o 21 de febreiro que sería o Martes de Entroido, festas suficientemente arraigadas en Salceda e máis o Entroido, que a maiores esperemos que oxalá para o ano que ven o poidamos desfrutar xa sendo de interese turístico de Galicia ao igual que a Festa do Callos que celebraremos a vindeira semana.

Sr. Rodríguez Davila: Neste punto como ben sendo habitual me remito ao que dixen no pleno do ano pasado, onde se aprobaron estes festivos locais, engadindo que xa daquela pedíamos que este ano 2022 puideramos celebralo doutro xeito, con máis alegría, como así foi e agora volvo a pedir o mesmo que para o ano 2023 sexa máis e mellores con respecto ao ano 2022, polo tanto sería unha boa noticia e esperemos que ambos os dous poidamos desfrutalos todos os que aquí estamos e os que nos están escoitando e vendo e tamén melloralos en todo aquilo en que poidamos entre todos para que estes dous festivos locais tanto o Martes de Entroido como o Luns do Cristo sexan máis coñecidos, máis desfrutados por todos os veciños e tamén os que aquí se acercan neses días e sobre todo potenciando a parte cultural de ámbolos dous, polo tanto o noso Grupo, como sempre, vamos a votar a favor desta proposta.

Sr. González Coto: Na mesma liña que os dous partidos que faloron antes, o Partido Socialista está totalmente de acordo coa proposta que traemos hoxe aquí de seguir e continuar e na liña de tradición de Martes de Entroido que é moi característico para o noso pobo e por suposto o Luns do Cristo.

Sra. Alcaldesa: Estamos todos e todas de acordo en seguir propoñendo a tradición de festas grandes ou festivos locais de Salceda o Martes de Entroido que neste caso será o 21 de febreiro e o Luns do Cristo que será o 17 de xullo, súpome a todas intervencións realizadas aquí hoxe e que poidamos celebrar nas mellores condicións posibles, todos e todas. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigo 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición



derrogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Visto o requirimento efectuado pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, recibido en data 10.08.2022 (Rex. núm. 2022-E-RC-6007) para que se proceda á realización da proposta de festas locais do Concello para o ano 2023 e se remita antes do 15 de setembro.

Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1.- *Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2023:*

*21 de febreiro de 2023 (Martes de entroido)
17 de xullo de 2023 (Luns do Cristo)*

2.- *Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo)."*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2023:

21 de febreiro de 2023 (Martes de entroido)
17 de xullo de 2023 (Luns do Cristo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo).



Expediente 1906/2022. Aprobación do proxecto de obras "Rehabilitación de vivienda municipal" en Fontán.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Ledo Souto: Este proxecto de rehabilitación de vivienda municipal, desde Alcaldía y desde urbanismo se lleva trabado mucho en él y es un proxecto que está elaborado por Rocío Bernárdez y Miguel Ángel Rodríguez, consiste en la rehabilitación de la vivienda municipal en Fontán, el número 40, en Parderrubias. La finalidade de esta rehabilitación es que la vivienda pueda destinarse a vivienda de alquiler social de la cual a día de hoy carecemos en Salceda y al mesmo tempo poner en valor los edificios municipales. La superficie a rehabilitar es de 75,90m² y reunirá todos los requisitos de habitabilidad y de ahorro energético y de accesibilidad. El presupuesto al que asciende es de 74.547,36 € y consta de una rehabilitación integral, se va a cambiar todo, porque la vivienda como podéis ver en el expediente en el estado en que se encuentra y a parte de hacer que cumpla la ley que está establecida a día de hoy, las mejoras en ahorro energético y en accesibilidad son muy importantes, cambia todo, no siendo el envolvente de piedra que tiene, lleva bomba de calor, las ventanas con doble cristal, lleva aislante por encima del techo y todo lo que se está haciendo a día de hoy en construcción para mejorar, sobre todo eficiencia energética y comodidad. A mayores también se va a dotar la parte de la cocina de la vivienda para que quede ya lo más equipada posible. Creo que es algo importante porque, como decía antes, tanto poner el edificio en valor como tener una vivienda de alquiler social me parece importante, esta es la primera, tenemos más edificios que se pueden seguir sumando a estas rehabilitaciones y a estos destinos y así lo vamos a seguir haciendo.

Sr. Rodríguez Davila: Quería comezar recordando o planteamento que fixeramos nós como grupo nese ámbito, nesa parcela municipal e visto que o goberno non tivo a ben tela en consideración e visto tamén como outros grupos levabamos a proposta das rehabilitación das casas dos mestres das parroquias dedicalas a diferentes cuestións de uso da veciñanza, a entes culturais, entes parroquiais e tamén por suposto a este tipo de destino como pode ser vivenda social que calquera familia necesitada poida demandar, nós todo o que sexa mellora de equipamentos e como digo, non estando de acordo no ámbito onde se vai a executar, o que acabo de dicir é por todos coñecido, vamos a votar a favor porque ao final vai ser unha estrutura mellorada, ao final vai ser un equipamento que vai quedar aí para o disfrute de quen o precise e polo tanto non vamos a ser nos quen nos vaiamos a opor a todo o que sexa mellorar o noso Concello independentemente de que si estamos máis de acordo ou non coa proposta que trae a pleno o goberno municipal. A subvención ascende a 40.000€ por parte da Xunta de Galicia en dúas anualidades, este ano se vai a aportar 6.000€ para o ano 23, 34.000€, a inversión son 72.000 € sen IVE e o Concello ten que aportar a diferenza. E unha da vivendas, vendo de fronte, a da parte esquerda no barrio de Fontán na parroquia de Parderrubias, a que está habitada segue nas mesmas condicións e a que está agora mesmo deshabitada e a que se vai a aprobar no día de hoxe para que nos próximos meses, anos, se realice e se poida poñer en



disposición de quen o precise, polo tanto o noso voto vai ser favorable.

Sra. Castiñeira Alén: Unha estupenda nova a concesión desta subvención, unha subvención, que como ben dicía a Concelleira como Santi, a súa totalidade é de 75.000€ dos cales 35.000€ máis honorarios aporta este Concello, aportan todos e todas os salcedenses, só quería matizarlle isto a Joaquín, porque si que hai inversións con fondos propios é moitas, porque a maioría das subvencións non veñen cubertas ao 100% e este é un dos casos. Os fondos propios do Concello existen e serven, como noutras ocasións, para cubrir este tipo de subvencións e creo que estamos todos e todas de noraboa porque seguimos nesa senda iniciada xa hai moitos anos de recuperación destes importantes edificios municipais ubicados nas nosas parroquias- Creo que no noso programa político de Movemento Salceda e no de Partido Popular e Partido Socialista, formaba parte esta recuperación das escolas ademais das casas dos mestres. Xa nesta lexislatura e con este equipo de goberno demos un paso importante na rehabilitación da escola de San Xurxo convertíndoa no centro de enfermidades neurodexenerativas que está tendo un uso e un aproveitamento excepcional, quédanos unha segunda fase, porque me consta que hai solicitada e hai esa necesidade de continuar coas actividades que alí se fan, pero non chegan as prazas e seguimos camiñando para a recuperación deses edificios e creo que estamos de noraboa, como dicía antes, e ademais co apoio dos tres grupos políticos que formamos a corporación.

Sra. Alcaldesa: Sumarme ás exposicións tanto da Concelleira de Servizos Sociais e Educación como dos portavoces de Movemento Salceda e Partido Popular. É destas novas que sempre nos alegra a todos e a verdade é que este tipo de traballo leva moitas horas, insisto, porque a veces non se mira fora, se mira que se concede unha subvención, pero leva moitas horas de traballo tanto de persoal técnico como de político e como ben dicía Gela que o departamento de urbanismo intervén sempre en todos estes proxectos e a veces presentarse a todos supón apartar ou deixar un pouquiño as respostas a outras moitas cousas pero finalmente as cousas se conseguen con este traballo.

O Proxecto é de 74.547,36€ que é o que se está aprobando hoxe aquí, que quede claro que non estamos aprobando nin a subvención nin a solicitude, estamos aprobando o proxecto, dese importe a Xunta subvenciona 40.000€ en dúas anualidades, unha de 6.000€ este ano e outra de 34.000€, o resto xunto cos honorarios o aporta o Concello. Como vostedes saben vai no suplemento dese que se dedicou a inversión con fondos propios que antes se negaban. Estas cousas son para celebrar, é verdade que nós pensamos nun inicio que o esforzo da Xunta ía ser maior, porque non especificaban ben que porcentaxe non ían a dar, entendo que ao final se presentaron moitos proxectos entraron por puntuación e foron repartindo. Benvinda sexa, como dicía antes e seguindo nesa liña de rehabilitación de edificacións municipais, que como tamén todos sabedes se van a seguir rehabilitando, de feito temos unha subvención concedida nun Obradoiro de emprego no que se meteu a rehabilitación da casa do Mestre de San Xurxo, seguimos sendo enxeñosos e facendo



moitas xestións para seguir rehabilitando todas as instalacións municipais, a seguinte será esa a través do Obradoiro igual que o Tellado do colexio da Picoña e benvidas sexan todas as axudas sexan da administración que sexan. Paso a dar lectura da proposta de acordo, seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Rehabilitación de vivienda municipal” en Fontán, Parderrubias polos arquitectos Rocío Bernárdez Fernández e Miguel Ángel Rodríguez Varela, de data 10.08.2022, ascendendo o total do orzamento de contrata a 74.547,36 € (IVE do 21 € incluído), o IVE a 6.777,03 € e o presuposto sen IVE a 67.770,33 € e sendo necesaria a aprobación do mesmo.

Visto o informe técnico num. 2022-0213 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2022-0024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Rehabilitación de vivienda municipal” en Fontán, Parderrubias polos arquitectos Rocío Bernárdez Fernández e Miguel Ángel Rodríguez Varela, de data 10.08.2022, ascendendo o total do orzamento de contrata a 74.547,36 € (IVE do 21 € incluído), o IVE a 6.777,03 € e o presuposto sen IVE a 67.770,33 €

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Rehabilitación de vivienda



municipal" en Fontán, Parderrubias polos arquitectos Rocío Bernárdez Fernández e Miguel Ángel Rodríguez Varela, de data 10.08.2022, ascendendo o total do orzamento de contrata a 74.547,36 € (IVE do 21 € incluído), o IVE a 6.777,03 € e o presuposto sen IVE a 67.770,33 €

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 434/2022. Ratificación da Resolución núm. 2022-0977 de aprobación de proxecto de obras de “Mellora de accesos en Outeiriño-Soutelo”.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González González: O proxecto que traemos hoxe aquí este efectivamente, como dicía Joaquín, si que é unha inversión da Xunta de Galicia realizada con fondos europeos, é unha subvención que a Xunta de Galicia saca todos o anos, e moitas veces con carácter bianual, que ninguén acaba de entender nunca o carácter bianual, que te obrigan a xustificar unha parte da obra dentro do ano que che conceden a subvención e a outra parte a xustificala ao ano seguinte. As obras hai que realizalas dunha vez e isto do reparto bianual non hai quen o entenda. Este proxecto que se vai a realizar na parroquia de Soutelo no plan de acceso a fincas rurais, chámase así a subvención, ven a través do AGADER, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Xunta vai aportar a cantidade de 45.650€ e o Concello vai aportar 9586 € porque a Xunta non paga o IVE, temos que pagalo nós.

A obra consiste nun asfaltado de recollida de augas, tanto de augas pluviais como de aigas de regadío, por este camiño pasa o regadío da poza grande de Soutelo que creo que é unha das únicas pozas que quedan funcionando en Soutelo. Vaise canalizar toda a obra, si vimos de norte a sur a obra vai comezar no transformador de Outeiriño e vai vir polo camiño vello de Outeiriño ata chegar aos chalets novos dos Agros, alí asfaltaremos un anaco máis que vai do vieiro principal de Borralliño a Taberna Nova e a Torreiro, asfaltaremos un anaco que lle chamamos a “Costa de Sidro” que está bastante deteriorado e chegaremos ata curva de arría dos chalets. As canalizacións de auga é case o máis importante desta obra, porque vai canalizado todo dende o metro cero ata o final, con canalizacións novas, só se preserva un anaco de canalización de media caña que está en perfecto estado por diante do eido do “Parrandas”, o resto levantase todo, incluso as tubeiras que xa existen, levántanse todo porque están esmagadas e a partir de alí ata chegar a zona de monte vamos con cuneta aberta de formigón, ao chegar ao monte volvemos a meter tubería de 3,15 de novo porque hai bastante pendente non hai perigo de que atranquen e no último tramo que é máis chairo, volvemos a poñer cuneta aberta de novo ata enlazar co cruce de augas que hai no cruce das estradas. Ese cruce de augas que xa existe hai que levantalo todo e volvelo a colocar de novo, porque cando se fixeron as obras dos chalets cas canalizacións da corrente eléctrica que fixeron alí, romperon os tubos e quedaron interrompidos e agora vai todo por alí solto. Basicamente é iso,



canalización, o asfaltado son 3.088 metros de asfaltado vai todo de lado a lado, asfaltase todo o que existe e non se produce ancheamento. Este camiño sabedes que é un dos máis deteriorados da parroquia de Soutelo, que estabamos bacheando continuamente, ano tras ano. Empezaremos as obras a principios de outubro se non hai ningún atranco, porque a parte da anualidade deste ano hai que xustificala antes do día 15 de outubro e a outra parte temos ata o 30 de xuño para executar a obra e xustificala.

Sr. Núñez Troncoso: En algo estamos de acordo, xa era hora, xa tocaba, porque a verdade é que ese camiño-pista-estrada, o estado no que se atopaba era lamentable. É curioso que vostedes inicien o expediente de contratación desta obra sen antes aprobar o proxecto, isto se chama anticiparse, e traballar con ocorrencia tamén, porque imaxinen que hai un gasto na tramitación e polos motivos que fose non se aprobara ese proxecto. Como acaba de dicir Miguel, a aportación da Xunta non son 45.000€ que son 46.724€, agora entendemos o porqué a anticipación de iniciar o expediente de contratación da obra, é polo prazo que hai que xustificalo antes do 15 de outubro, 11.167€, esperemos e desexamos que se chegue a tempo porque hai que lembrar que a resolución da Xunta de concesión desta subvención entrou no rexistro o 14 de xuño, fai dous meses e algo, o proxecto xa estaba feito dende febreiro do 2022, faltaba unicamente o informe técnico de urbanismo e informe da secretaría municipal, pero se puido ter traído antes a pleno. Nós, con respecto a obra, si estamos de acordo coa obra pero si botamos en falta que non se contemple o saneamento, se vai facer unha obra e se vai asfaltar toda a estrada pero non se contempla o saneamento e nós creemos que se debería contemplar para despois non ter que levantar a estrada, que xa sabemos como queda cando se levanta a estrada e se pon o tubaxe por debaixo, é moi raro mirar que quedaran ben ese tipo de remendos e por iso botamos en falta porque non se execute ese tramo, que serán 400m, máis ou menos. Aproveito tamén para dicir que se resolva a problemática do camiño de acceso á vivenda que xa falamos en numerosos plenos, que é de urxente necesidade, como era esta tamén, esperemos que o goberno teña a ben executala o antes posible.

Sr. González González: A obra está suficientemente explicada, ma necesidade dela estamos todos de acordo o Partido Popular tamén. En canto ao saneamento, estamos esperando que a Xunta de Galicia dea o diñeiro para facer as obras de saneamento, tanto en Soutelo como en Entenza, evidentemente con fondos municipais coa recadación que hai aquí non se pode acometer o saneamento da parroquia de Soutelo nin de Entenza de forma integral. Sabiades que había un par de millóns de euros que a Xunta de Galicia non tivo a ben investir nesas dúas parroquias por non facer o seu aporte do 20%, eran fondos europeos, que foron para outro lado desviados por non facer ese aporte a Xunta do 20%, con medios do Concello é imposible facer o saneamento de Soutelo nin o de Entenza.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Miguel están vostedes sempre coa Xunta que non inviste en Salceda, Lei de Augas de Galicia, artigo 27: *“en particular corresponden a las*



Entidades Locales las funciones siguientes: en materia de distribución y alcantarillado el proyecto, construcción, explotación y mantenimiento de las redes de distribución y alcantarillado”, competencia municipal, iso non quere dicir que en momentos puntuais a Xunta aporte, colabore no saneamento, pero lembre, competencia municipal. Terán que explicar vostedes porqué outros concellos que pertencen ao Consorcio do Louro gobernados por todos os partidos políticos, un polo Partido Popular, outros gobernador por PSOE en distintas épocas, lembro particularmente Porriño, que nos últimos anos estivo gobernado polo PSOE e teñen executado un 95% da rede de sumidoiros e porqué Salceda ten executado un 50%? Sabe porqué? Porque eses concellos inveteron en saneamento. Salceda que eu recorde nos últimos doce anos en inversión propia cero, noutros concellos teñen esa porcentaxe altísima porque investiron en saneamento e en Salceda non, ni máis ni menos, me estou lembrando da última inversión da Alcaldesa en Porriño en Vaquería unha partida grande do Plan Concellos, aquí non. Volvo a repetir, Concellos gobernados por distintos partidos políticos, de varios colores e o porcentaxe de execución aí está.

Sra. Alcaldesa: O que dixo o compañeiro Miguel, efectivamente onde está ese 20% que tiña que poñer a Xunta porque non se puxo e se puxo ese convenio que había asinado se desviou para outro Concello unha parte, iso ao mellor é unha das respostas. A outra resposta é a que a compañeira de Movemento Salceda estaba a dicir, quizás o Partido Popular en Porriño vai a pedir un crédito. Creo a Xunta non trata a todo o mundo por igual e non lle poder botar agora a culpa a que se investiu ou non investiron nos Concellos porque volvo a repetir, había un convenio e a Xunta non asumiu a súa parte, é máis, desviouse unha parte desa para outro concello e vostedes o saben. E agora resulta que é porque os concellos non invisten, vostedes hai un momento que estaban dicindo que non podíamos aumentar os gastos, que non podíamos aumentar a inversión, vostedes saben ben o que supón a inversión de Soutelo e de Entenza? O saben ben, creo que vir aquí a facer demagogia, dicir que o Concello, si que é competencia municipal do Concello, cando a Xunta devolveu parte dos fondos e os outros os desviou a outro Concello me parece que é facer demagogia, iso non é defender Salceda. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o proxecto de obra denominado “Mellora de accesos en Outeiriño-Soutelo”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canle e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, de data de febreiro de 2022 cun orzamento total de execución por contrata de 55.236,89€ (45.650,32 € sen IVE + 9.586,57 € IVE).

Visto o informe técnico núm. 2021-0208 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0022 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.



Visto que se levou a cabo o reformulo do Proxecto de obras en data 03.08.2022, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. *Aprobar o proxecto denominado “Mellora de accesos en Outeiriño-Soutelo”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canle e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, de data de febreiro de 2022 cun orzamento total de execución por contrata de 55.236,89€ (45.650,32 € sen IVE + 9.586,57 € IVE).*

SEGUNDO. *Someter a ratificación plenaria a presente Resolución na primeira sesión que se celebre ao tratarse dun proxecto de obra non previsto no orzamento municipal, de conformidade co artigo 21.1. O) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”*

VOTACIÓN: **Sometida a votación a ratificación da aprobación do proxecto denominado “Mellora de accesos en Outeiriño-Soutelo, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión.**

Proposta de Resolución: PROPOSTA DE INICIO DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL DO ICIO (Nº24)

Sra. Alcaldesa: Temos unha moción que rexistrou o Partido Popular con data 23 de agosto, non está na Orde do día porque non se presentou en tempo e forma para estar na orde do día, corresponde votar a urxencia deste punto.

“Primitivo González Souto, concelleiro de Grupo Municipal do Partido Popular de Salceda de Casetas, con arreglo o disposto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais desexa elevar a Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

ANTECEDENTES

O noso Concello dispón dunha ordenanza fiscal (nº 24) Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO). Este imposto atópase regulado no Real Decreto Legislativo 2/2004 (TRLRFL) nos artigos 100 A 103.



O artigo 103.2. (TRLRFL) establece que "las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto": b) Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras en las que se incorporen sistemas para el aprovechamiento térmico o eléctrico de la energía solar. La aplicación de esta bonificación estará condicionada a que las instalaciones para producción de calor incluyan colectores que dispongan de la correspondiente homologación de la Administración competente". e) "Una bonificación de hasta el 90 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras que favorezcan las condiciones de acceso y habitabilidad de los discapacitados".

Do mesmo xeito, o artigo 103.2.f) introducido polo apartado tres da disposición final quinta do R.D.-lei 29/2021, de 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despliegue de enerxías renovables establece: "Una bonificación de hasta el 90 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras necesarias para la instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos. La aplicación de esta bonificación estará condicionada a que las instalaciones dispongan de la correspondiente homologación por la Administración competente."

A ordenanza reguladora do ICIO no Concello de Salceda de Caselas xa contempla unha bonificación do 50% no caso das construción, instalación e obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, pero a leí permite amplialo ata un 95%. Sucede o mesmo no artigo 5.2 da ordenanza municipal para obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade das persoas con mobilidade reducida. Actualmente é dun 50% pero a leí permite ata un 90%.

No referente a bonificación do ICIO para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos, o Concello non a ten contemplada na súa ordenanza fiscal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No contexto global no que vivimos, cunha dependencia total externa a nivel enerxético e dun mercado errático de combustibles e electricidade que debilita as economías das familias e dificulta a viabilidade das nosas empresas, este Grupo considera que o Concello ten que minimizar a recadación no ICIO neste tipo de obras, para incentivar, axudar a particulares e empresas para que aposten por enerxías renovables e fomentar o autoconsumo enerxético.

Os beneficios da iniciativa privada que decida investir en fotovoltaica ou térmico solar non son soamente medioambientais, (tamén moi importantes), se non que axudan a reducir a dependencia do sistema enerxético global, o cal debería repercutir nunha baixada dos precios da enerxía polo mero feito do descenso da demanda.



Facilitar o uso de vehículos eléctricos tamén é dispor de puntos onde poder recargar dentro do noso Concello, polo que resulta coherente dende a Corporación apoiar a bonificación no ICIO para a instalación deses puntos de recarga.

Estas melloras nas bonificacións do ICIO que contribuen directa e indirectamente na redución de emisións encaixa a perfección nas directrices do PACES.

No referente as obras de mellora das condicións de acceso e habitabilidade para persoas con mobilidade reducida, este concello deberíase mostrar máis comprometido aumentando a bonificación do ICIO o 90 %.

Esta proposta de acordo xa foi presentada no Pleno ordinario do 26 de abril onde se nos instou por parte do Goberno a facelo en formato de rogo, indicándonos que se tería en conta e que se iniciarían os trámites pertinentes, por que a proposta era asumible.

Dado que xa pasaron catro meses e non se notificou o inicio do expediente da modificación da ordenanza e que tampouco se incluiu na orde do día do próximo pleno, insistese novamente na presentación desta proposta. Proposta en formato de MOCION por presentar o Pleno a adopción do acordo que a seguir se detalla, que é o órgano competente no que aquí se solicita.

PROPOSTA DE ACORDO:

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular presenta ó Pleno da Corporación para debate e aprobación a adopción do seguinte acordo:

Iniciar o procedemento (petición de informes pertinentes no caso que todavía non se solicitaran,) para a modificación da ordenanza fiscal nº24 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) nos seguintes puntos:

- 1.- Sustituir o artigo 5.2. da ordenanza no que respecta o porcentaxe de bonificación a aplicar: **90%** en vez do **50%**.*
- 2.- Sustituir o art. 5.3. da ordenanza no que respecta o porcentaxe a aplicar: **95%** en vez do **50%**.*
- 3.- Engadir no artigo 5 da ordenanza o apartado 4 redactado da seguinte forma:*

As construcións, instalacións ou obras necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos gozaran dunha bonificación do 90 %. A bonificación prevista neste apartado aplicarase de forma exclusiva sobre



o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas a tal fin.

4.- Incluir na orde do día do próximo pleno a proposta de aprobación inicial da modificación da ordenanza nos puntos que aquí se propoñen.”

VOTACION URXENCIA: Sometida a urxencia a proposta de inicio de modificación da Ordenanza Fiscal do ICIO (Nº24), esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros asistentes a esta sesión, pasándose polo tanto a tratar o asunto.

Sr. González Souto: Temos unha ordenanza reguladora do ICIO que contempla unhas bonificacións que agora mesmo están ao 50%, no caso de obras nas que se incorporen sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar temos agora mesmo un 50% pero a lei permite ampliálo ata o 95%. No caso de persoas con mobilidade reducida que acometan obras nas súas casas, na Ordenanza nº 24 do ICIO en Salceda temos actualmente unha bonificación do 50%, con esta moción pretendemos ampliála ata un 90% que é o que permite o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. A maiores no referente a bonificación do ICIO para instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos, o Concello non a ten contemplada como tal esa bonificación na súa ordenanza fiscal.

Esta proposta xa presentamos no pleno ordinario do 26 de abril onde nos instou por parte do goberno en facelo en formato de rogo, agora repetímolo en formato de moción e dado que vostedes non a incorporaron a orde do día a axuntamos fai uns días para que se incorporara a este pleno. A proposta de acordo que aquí se trae é: iniciar o procedemento, petición de informes pertinentes, no caso de que aínda vostedes non o solicitaran para modificación da ordenanza fiscal número 24 Reguladora do Imposto sobre Construción, Instalacións e Obras nos seguintes puntos:

1º substituír o artigo 105.2 da Ordenanza no que respecto ao porcentaxe da bonificación aplicar 90% en vez do 50%;

2º substituír o artigo 105.3 da Ordenanza no que respecta a porcentaxe a aplicar 90% en vez do 50%;

3º engadir no artigo 105 o apartado 4 redactado da seguinte forma: as construcións, instalacións ou obras necesarias para instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos gozaran dunha bonificación do 90% a bonificación prevista neste apartado aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas a tal fin.

4º Incluir na orde do día do próximo pleno que teña a ben convocar, a proposta de aprobación inicial de modificación da ordenanza nos puntos que aquí se propoñen,



aproveito para dicir que recordo que Verónica falou vostede de incluso facer algunha modificación máis no tema de cartel, esta moción pódese incorporar máis cousas, nós estamos abertos a negociar.

Sra. Castiñeira Alén: Creo que esta moción xa foi presentada como ben dicías e como recolle a moción, o 26 de abril, co compromiso deste goberno e da Concelleira responsable de urbanismo, Verónica, compromiso de modificación e aportación e máis consideracións. Déronse unha serie de circunstancias entre elas a baixa dunha das técnicas que non permitiu avanzar todo o que se puidese nesta modificación pero eu creo que o noso compromiso é firme e creo que entre todos podemos mellorar esta ordenanza. Non entendo moi ben porqué a traedes de novo porque creo que xa nos comprometemos naquela ocasión e creo que así ademais quedou recollido na acta da sesión plenaria e as circunstancias non nos permitiu traela antes pero tamén agardo que antes de que finalice o ano esta moción pase por esta sesión plenaria.

Sra. Alcaldesa: Efectivamente o compañeiro do Partido Popular ten razón, naquel momento creo que puxen o exemplo do cartel, pero hai moitos máis puntos que modificar. remítome ao que dixen nesa sesión plenaria do 26 de abril, que o goberno non mira inasumible esta proposta, si ben a modificación da ordenanza se vai a facer cunha revisión completa, nisto estamos traballando dende urbanismo. Xa lle dixen que despois ten que colaborar o departamento de tesourería e intervención, niso estamos traballando. Díxenlle que se ía a realizar unha revisión ao completo antes nos puntos anteriores xa lle comentei tamén, que a veces a redacción, a presentación e traballos de proxectos tanto europeos como estas inversións todas que estamos recibindo, fai que algunha cousa se retrase ou se demore máis, estamos a traballar niso. Hai modificación desa de ordenanza, se deben modificar varios puntos, empezouse a traballar niso, xa se empezou a revisar por exemplo a bonificación na taxa nun 25% en familias numerosas que aparece na ordenanza que se fará anualmente, non hai unha porcentaxe de redución anualmente unha taxa do ICIO, a taxa é a que é polo cal a revisión é minuciosa, é longa como lle dixen naquel momento, traerese con todo e se levara a Comisión informativa, se farán todos os trámites, pero así só con estes puntos nós non podemos asumila e me remito ao que dixen naquel momento. Insisto no que dixen anteriormente, este equipo de goberno non o mira inasumible, unha vez feitos os estudos, pero non tal como está e esa modificación ou revisión de esa ordenanza se realizará ao completo, niso estamos traballando, espero poder traela si non hai ningún inconvinte máis canto antes, pero a veces os prazos doutras cousas nos limitan a ir todo o rápido que podemos facer, danse ademais outras serie de circunstancias e repito que tal como está entendemos que non é asumible porque a revisión vai a ser ao completo.

Sr. González Souto: Polo que entendo vostedes van admitir esta a moción porque a outra vez non presentei moción, presentei moción pero cambiáronma a rogo, agora presento moción pero non se asume, burocracia, díxeno na outra intervención fai catro meses, retrasamos e retrasamos, cando é necesario que a xente acometa obras



como, xa non para as persoas con mobilidade reducida que é sempre, o prezo da luz como está, temos moito traballo e me imaxino que todos temos moito traballo, pero podemos abordar este tema e conseguir aportar este pequeno grao de area dende o Concello para que a xente minimize os seus gastos á hora de reducir a factura da luz. Isto vai pasar como co tema dos bordillos, fai catro meses, en catro meses volvemos a estar como estabamos igual, non se pediron informes nin nada, os bordillos seguen aí e xa foi no 2020 cando se aprobou unha moción para instar a Deputación e nós non recibimos ningunha comunicación por parte do Goberno do que se está facendo, polo tanto dentro de catro meses ter que volver a insistir ao goberno para que faga o que aquí se lle propón, non sei ata que punto, pois aprobamos o PACES, onde contemplaba unhas directrices, esta proposta está nas directrices do PACES pero quizá como está plantexada dende o partido Popular ao mellor non é prioritaria. Con isto quero dicir que non sei o que non se pode aprobar na moción que aquí se presenta, pois si estamos de acordo co que aquí ven e si hai que ampliálo, ampliémolo despois na aprobación inicial pero entendo que para pedir uns informes a intervención e tesourería, teremos que partir dunha base de como vai a afectar a recadación si non fixamos ni tan sequera os mínimos demoraremos máis aínda a aprobación inicial. A parte, o bo disto, dentro do que cabe, é que non temos un prazo definido ata o 31 de decembro pero é que vostedes están retrasando unha bonificación que se lle pode facer aos veciños e non solo aos particulares que queiran instalar un aproveitamento térmico solar, senón a unha persoa con mobilidade reducida que nunha obra de 40.000€ ese incremento na bonificación representa un diñeiro. Volvo a preguntarlle, non podemos aprobar nin sacar aquí neste pleno un compromiso, incluso podemos reunirnos previamente antes do próximo pleno ordinario para acordar unha serie de medidas para que se aprrobe esta modificación por unanimidade?

Sra. Alcaldesa: Volvo a insistir, vostede mesmo o está dicindo, para pedir uns informes de intervención e de tesourería e demais non podemos presentar dúas medidas, si vamos revisar toda a ordenanza, que é o que estamos a facer, o compromiso meu e do equipo de goberno xa o teñen no anterior pleno do 26 de abril e estamos a traballar niso, o que non podemos é aprobar unha petición de dous puntos, nos que creo que son totalmente asumibles, cando lle estamos insistindo que se vai a revisar toda a ordenanza e se está a facer, ese compromiso vai quedar reflexado outra vez en acta, que ese é o compromiso deste equipo de goberno e que cando teñamos o mesmo que lle repetín nese pleno, entendo que o Partido Popular no mes de agosto non tivo moito tempo en facer os deberes e entón repite a moción para dicir que presentamos algo. Digo eu que será iso porque senón non o acabo de entender, porque están presentando o mesmo, iso si, xa me dixo que o entendía, xa sabe porqué o recollemos como rogo nunha e como moción noutra, de feito foi a secretaria quen fixo esa advertencia, e sabeo moi ben porque substituíu a primeira liña, na anterior dicía “modificar a Ordenanza fiscal número 24”, é distinta a presentación que se fixo.



Volvo a insistir, non podemos, por suposto que teremos en conta isto, de feito estamos tendo en conta nos estudos que se están a facer e cando se traia se traerá con toda a información, os informes e o demais, rigurosos como fomos sempre. Entendo que queda claro que o compromiso do goberno igual que quedou no pleno onde se presentaba é o de ter en conta todos estes puntos e que unha vez revisada cos informes e seguindo o procedemento que se debe seguir para modificación dunha ordenanza fiscal a traeremos a pleno canto antes nos sexa posible.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción de iniciar a modificación da Ordenanza fiscal número 24 esta queda rexeitada por SEIS votos a favor (PP) e SETE (4MS e 3PSOE) votos en contra.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2022-770 de 27 de xuño ata o núm. 2022-1017 de 19 de agosto.

Queda dada conta dos decretos dende o número 2022-770 de 27 de xuño ato o núm. 2022-1017 de 19 de agosto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogo: Reparación pista de Pádel

Sr. González Souto: Presentei un rogo hoxe por rexistro, entendo que saben onde esta a pista de pádel que ten o Concello pero o que entendo é que non saben no estado en que está a pista. O rogo que plantexo é a renovación do firme de céspede artificial nesta pista que creo que se inaugurou polo 2014-2015 desde entón, salvo unha rotura de cristal, non tivo ningún outro tipo de mantemento máis, este rogo é para que quede constancia dos desperfectos que ten o firme da mesma. Dou lectura ao rogo presentado:

“Estado actual do céspede artificial da pista de pádel do Concello atópase nun estado moi deteriorado como se amosa nas fotografías que se adxunta: (...)Firme desgarrado en varios puntos, exceso de area, bote irregular con zonas ocas, etc...fan que a práctica deste deporte non se poida realizar en condicións adecuadas, sendo probable que se poidan producir lesións nos usuarios das pistas por esvaramento. A drenaxe é claramente insuficiente despois da choiva. Solo os que practican este tipo de deporte o saben porque podes caer, fastidiar



unha rodilla, porque a veces hai moita area ou porque te podes enganchar no propio céspede que está desgarrado e tamén si se vai a facer, indicar que a drenaxe tal e como está é claramente insuficiente despois dun día de choiva o que fai que a pista estea húmida tres días ou catro despois da choiva. Unha instalación que pode valer 20.000€ por culpa dun 5 ou 10% que pode ser o cambio do firme que a teñamos así, que de feito creo recordar fixemos un campionato de pádel en Salceda coa pista nestas condicións.”

Sra. Alcaldesa: Somos conscientes, tanto o Concelleiro de Deportes como eu como Alcaldesa como o resto do equipo de goberno, recollémolo o rogo para poder telo en conta e mirar o que podemos facer.

Sra. Valcárcel Bernárdez: Sabemos que nos últimos meses estívose pintando as rúas de Salceda e no cruce que hai entre a Avenida de Galicia e Rúa Arxentina había un paso de peóns máis pequeno e agora moito máis grande, que estamos de acordo con iso, pero creo que é necesario que o acceso da rampla a man dereita modificalo ou polo máis grande, porque é un acceso moi malo e ademais a xente cruce directo, non está acorde.

Sra. Alcaldesa: Recollemos o rogo.

PREGUNTAS:

Sr. Núñez Troncoso: Queríamos saber en que situación se atopa agora mesmo a compra dos terreos na Devesa, xa que temos coñecemento fai doce días aproximadamente editouse un anuncio dunha empresa comercializadora de activos financeiros que ofertaba esa parcela, teño entendido que o Concello había firmado un compromiso de compra co SAREB, queríamos saber si ese anuncio é correcto, si se comprou ou en que fase está?

Sra. Alcaldesa: Compromiso si había, había unha proposta e de momento está parada porque a situación financeira non o permite, como vostedes dicían antes hai que actuar con prudencia e é o que estamos facendo.

Sr. Núñez Troncoso: O digo tamén porque cando se nos pasou o expediente, no seu día solicitamos o expediente, había unha oferta aceptada, demos por feito que se ía a executar esa compra, pero polo que nos di a Alcaldesa parece que non.

Sra. Castiñeira Alén: Efectivamente había unha proposta económica feita que se desenrolará cando haxa posibilidade económica de facelo. Creo que aquí o importante foi a aposta política, ademais creo que todos e todas tivemos claro de paralizar primeiro calquera tipo de actuación sobre esa parcela e despois realizar unha modificación puntual sobre ela que nos permitía o cambio de uso do chan. Dixo vostede que o SAREB puxo á venda esa parcela que supoño que carecerá de interese comercial posto que agora a ser zona verde e ocupacional. O Concello e a



Corporación fixo os deberes en canto a paralización e despois a modificación puntual, cando haxa capacidade económica financeira levarase a cabo a compra que eu creo que todos estivemos no seu momento de acordo en que era necesario ese terreno para o noso Concello.

Sr. Núñez Troncoso: Que criterio se segue á hora de adxudicar os proxectos de obras, porque estamos vendo que unha vez si e outra tamén se está adxudicando os proxectos de obras aos mesmos técnicos, técnicas, que criterios se seguen? Se lle ofrecen eses proxectos de obra aos arquitectos que traballan neste Concello que teñen o seu despacho neste Concello ou é por sistema sempre se lle adxudica aos mesmos?

Sra. Alcaldesa: Creo que xa no pleno de hoxe se aprobaron dous proxectos con distintos técnicos adxudicados. Para empezar non sempre é o mesmo, moitos dos proxectos están feitos por técnicos que traballan para este Concello, outras veces si queremos ir estudiando a proposta da ordenanza do ICIO e outras cousas e presentarse a proxectos europeos e demais, temos que ir a outros técnicos de fora a que se realicen aos proxectos porque non temos capacidade para máis.

Sr. Núñez Troncoso: Traballa para o Concello e se lle paga por ese proxecto, factura a parte, iso é importante matizalo, Sra. Alcaldesa.

Sr. Nuñez Troncoso: O Decreto 980 creo que garda relación cunha pregunta que fixen, creo que fixemos no pleno de febreiro deste ano, respecto dun proxecto europeo, neste caso o decreto é ordenando un pago a favor da University Aleksander Xhuvani Elbasan, Asociación Portuguesa de Educación Ambiental, Asociación para a Educación Medioambiental, en total se lle fixo uns pagos, tres pagos que saibamos ata agora, por 64.673€, como vai reverter este gasto no noso Concello?

Sr. Rodríguez Canosa: O Concello de Salceda é o coordinador destes dous proxectos, polo tanto a Unión Europea ingrénanos a nós todo o diñeiro e o Concello de Salceda o que fai é repartilo segundo a concesión de subvención lle toque a cada socio do proxecto, por iso hai pagos a ASPEA que é unha Asociación Portuguesa colaboradora no proxecto, hai pagos ou vai haber pagos ao Banco Central de Albania, a Tunes, a Noruega, a Finlandia, porque son socios do proxecto e polo tanto nós recibimos o orzamento íntegro do proxecto e nós repartimos entre os socios segundo a Unión Europea estableceu. A Unión Europea financia un proxecto europeo que vai ser coordinado polo Concello de Salceda con 300.000€, por exemplo, que van a ser seis socios e cada socio para facer os seus traballos correspóndelle 50.000€, entón o Concello de Salceda ingresa eses 300.000€ e lles fai transferencias de 50.000€ aos restantes cinco socios.

Sr. Núñez Troncoso: Polo que me está dicindo facemos de simple correo, a Comunidade Europea nos ingresa uns cartos e nos eses cartos os ingresamos a estas



asociacións, o que queríamos saber é en que revirte ao noso Concello? En que se benefician os veciños de Salceda?

Sr. Rodríguez Canosa: O Concello de Salceda é o coordinador e un dos seis membros, o que facemos é a parte que corresponde ao noso Concello de Salceda quedámola, e a parte que lle corresponde a cada socio pagámola, facémoslle nós a transferencia, aí claro que facemos de correo porque a Unión Europea ingresounos a nós toda a parte íntegra do proxecto. Son distintos proxectos europeos que teñen un obxectivo, para ese obxectivo hai unha financiación e revertirán, por exemplo, un que hai que é no Meet Your Forest nos que se busca uns novos usos do monte e no ámbito forestal en xeral que o obxectivo final é crear manuais para un uso sostible do monte, crear diferentes recursos educativos, recursos para asociacións, recursos para as comunidades de montes, elaborar unha serie de información, son proxectos de investigación e iso vai a reverter no conxunto da sociedade non solo na de Salceda e como dixemos vai estar financiando ao 100% pola Unión Europea, o Concello de Salceda non vai gastar diñeiro aí, vai estar financiado 100% pola Unión Europea.

Sr. Nuñez Troncoso: Que non vai a gastar diñeiro quedounos claro, o que fai é de simple intermediario, esperemos que todos eses manuais, proxectos e demais sexan para favorecer as asociacións de distintos ámbitos, si é así que benvinda sexa.

Sra. Pérez Cabaleiro: En referencia a Festas dos Callos, xa que levamos dous anos sen a celebración pola pandemia do covid e debido ao interese que esta xera na veciñanza e tamén na hostaleira queremos saber, xa que este grupo non ten noticias ao respecto, en que se vai basear esta festa e con canta xente se espera contar?

Sr. Rodríguez Canosa: Este ano por fin voltamos á realidade, teremos outra vez a festa dos callos, xa o dixemos en roldas de prensa e xa o dixemos publicamente, este ano vai haber festa dos callos e de feito nos vindeiros días faremos a presentación e xa sairá a información de toda a programación, como cada ano a festa será o 4 de setembro, que é o primeiro domingo do mes setembro e nos vindeiros días presentaremos a festa.

Sra. Valcárcel Bernárdez: En Entenza no barrio de Pedracarballa había un problema cun camiño de servizo e cando vós fostes polas parroquias saíu o tema ese de que si podíades axudar polo problema de paso que había e si non me equivoco, contestastes que non porque é un camiño de servizo e non podeades actuar sobre el, pero resulta que ese camiño está asfaltado, asfaltástelo agora unha parte do camiño de servizo entón, senón se puido actuar para unhas cousas para outra si se pode asfaltar? Ata diante da casa, ata a pedra.

Sra. Castiñeira Alén: A estrada, en todos os cruces se arranxa o acceso para que quede decente, ademais cando hai unha entrada, coincidirás comigo que a pedra está bastante máis arriba, o Concello pode meterse nese conflito? claro que se pode meter, debe meterse? Non, a pedra está nun camiño de servizo, hai un conflito que



coñeces perfectamente entre os veciños e nós cando saímos con “Salceda Escoita” explicámolo claramente, ese camiño non é público e non podemos actuar aí e non digas que se asfaltou o camiño porque parece que asfaltamos todo o camiño e non se asfaltou todo o camiño, o acceso a casa e a unión do cruce coa estrada.

Non hai máis asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

